

Un Nadal con Apego



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



- O domingo 4 de decembro,
ás 12.00 horas,
Entre arrollos e contiños,
de Migallas Teatro

*“Abre os ollos, as orellas,
o nariz e a boca xa,
entre arrollos e contiños,
a sesión vai comezar”.*



Entre arrollos e contiños é unha actividade na que os nenos e nenas compartirán con aqueles que os coidan e os educan un momento de pracer, lonxe do ruído e os quefaceres cotiáns; espertando xa nos seus primeiros anos de vida un interese pola literatura, a música e a tradición oral.

Duración: 30 minutos

Número de participantes: 30 bebés cun máximo de dous acompañantes

Idade recomendada: entre 6 meses e 3 anos

**Reserva a túa praza chamando ao
teléfono 981 610 000!**

● **O domingo 11 de decembro, ás 18.00 horas, concerto *Unha viaxe polo mundo*, de As Maimiñas**



As Maimiñas son, Mai e Miña, dúas nais que decidiron actuar para os seus fillos e mostrar un espectáculo de música e contos nos que eles puidesen participar activamente.

Deste xeito, As Maimiñas levan desde 2011 enchendo auditorios.


A través deste concerto os nenos e nenas cantarán, divertiranse e coñecerán cancións e danzas típicas de distintos países.

As Maimiñas saen a dar un paseo e seguindo un camiño de cunchas amarelas van chegando a diferentes países. Cada un deles ten cancións e danzas típicas que poderás ir descubrindo. Anímate a facer esta viaxe?

Duración: 1 hora

Idade recomendada: de 0 a 10 anos

● **O domingo 18 de decembro, ás 12.00 horas, *Prende no colo*, con Luis Prego**



Obradoiro para pais e nais con crianzas de 0 a 3 anos. Achegará cantigas, cantos de berce, xogos de dedos, recitados e outras pezas pensadas para iniciar os nenos e nenas de 0 a 3 anos na linguaxe, no ritmo e na melodía a partir de temas tradicionais galegos.

Idades recomendadas: de 0 a 3 anos

Necesidades: Deberán traer unha mantiña ou esteira para sentarse no chan.

Reserva a túa praza chamando ao teléfono 981 610 000!

Se tes fillos entre 0 e 6 anos, inscríbete no Apego, unha aventura conxunta de amor, arraigo, lingua, orgullo e identidade.

Infórmate en www.apego.gal ou no Servizo de Normalización Lingüística, na Fábrica, a través do correo electrónico lingua@oleiros.org, ou do teléfono 981 610 000.

▶ **Todas as actividades van ter lugar no auditorio da Fábrica (Perillo)**